

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA.  
CURSO: EDUCACIÓN INFANTIL.  
DATA: 12 DE MAIO DE 2020.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA O TERCEIRO TRIMESTRE E COMPETENCIAS BÁSICAS DE EDUCACIÓN INFANTIL.**
  - 1.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO 3º TRIMESTRE.
    - 1.1.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 3 ANOS.
    - 1.1.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 4 ANOS.
    - 1.1.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 5 ANOS.
  - 1.2. COMPETENCIAS BÁSICAS DE EDUCACIÓN INFANTIL.
- 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.**
  - 2.1. PROCEDEMENTOS.
  - 2.2. INSTRUMENTOS.
- 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.**
  - 3.1. ACTIVIDADES.
  - 3.2. METODOLOXÍA ( ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE).
  - 3.3. MATERIAIS E RECURSOS.
- 4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.**
  - 4.1. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS.
  - 4.2. PUBLICIDADE.
- 5. ANEXO**
  - 5.1. LINGUA EXTRANXEIRA - INGLÉS.**
  - 5.2. RELIXIÓN.**

# **1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA O TERCEIRO TRIMESTRE E COMPETENCIAS BÁSICAS DE EDUCACIÓN INFANTIL.**

## **1. 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA O TERCEIRO TRIMESTRE**

Os criterios de avaliación propostos para este terceiro trimestre, de características especiais, debido á situación que estamos vivindo coa COVID-19, serán establecidos seguindo as instrucións dadas pola Consellaría de Educación no documento “ *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*”.

Seguindo tales instrucións faremos unha selección entre os criterios xa expostos da nosa Programación Didáctica de ciclo da primeira e da segunda avaliación que se poidan avaliar nestas circunstancias e tendo en conta a nova situación de educación telemática.

A continuación presentámoslos dun xeito fragmentado, tomando como referencia as tres áreas curriculares, sendo conscientes de que o traballo nesta primeira etapa educativa está baseado nunha perspectiva globalizadora.

### **1.1.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 3 ANOS.**

#### **ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

- Coñece o propio corpo de forma global e as súas partes principais.
- Diferencia as nocións espaciais: preto/ lonxe, arriba/abaixo, dentro/fóra, ao lado de..

#### **ÁREA DO COÑECEMENTO DO CONTORNO**

- Recoñece e diferencia os animais e as plantas do ámbito próximo.
- Recoñece as formas planas: círculo, triángulo e cadrado
- Recoñece a cantidade e a grafía dos cuantificadores 1 e 2 .
- Forma series.

#### **ÁREA DAS LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.**

- Adquire vocabulario.
- Identifica as cores: vermello, amarelo, azul, verde e os dos obxectos do seu ámbito.
- Realiza trazos: libres, verticais, horizontais, inclinados, ondulados, semicirculares, circulares.
- Actitude positiva na utilización das TIC en diferentes actividades.
- Identifica e diferencia os sons do seu ámbito próximo.

### **1.1.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 4 ANOS.**

#### **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL.**

- Aplica-la coordinación viso-motriz na realización de tarefas da vida cotiá e nas relacionadas coa representación gráfica.
- Identifica e expresa adecuadamente os seus propios sentimentos e emocións.
- Progresa no desenvolvemento de capacidades perceptivas, de atención e memoria.

#### **COÑECEMENTO DO CONTORNO.**

- Explora características e cualidades físicas de distintos obxectos.
- Coñece e identifica espazos físicos próximos, establecementos e edificios públicos.
- Relaciona algúns cambios ambientais que se producen co paso das estacións.
- Coñecer distintos medios de transporte e de comunicación.
- Recoñece-las formas xeométricas: círculo, cadrado, triángulo e facelas súas grafías.
- Realiza seriacións sinxelas de cores, formas, tamaños.
- Discrimina cuantificadores: moitos – poucos, máis – menos.
- Identifica os números 1, 2, 3, 4 e 5 , realizala grafía.
- Asocia a cantidade coa grafía do 1, 2, 3, 4 e 5.

#### **LINGUAXE COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.**

- Utiliza diferentes técnicas plásticas para comunicar sentimentos, emocións,..
- Identifica diferentes cores: amarelo, vermello, azul, verde, laranxa, marrón, ...
- Le, interpreta e produce imaxe como unha forma de comunicación e disfrute.
- Aprecia o uso das TIC na súa vida cotiá.
- Discrimina sons do mundo exterior e distingue son – silencio.
- Canta cancións que axudan a coñecer a realidade e a expresar sentimentos.

### **1.1.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 5 ANOS.**

#### **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

- Adquire unha imaxe real e positiva de si mesmo, identificando as súas características e capacidades persoais.
- Coñece o seu corpo global e segmentariamente, os sentidos e as súas funcións.
- Identifica e controla progresivamente os seus propios sentimentos e emocións.

## COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Observa e explora o seu ámbito familiar, social e natural.
- Coñece os principais Medios de Locomoción e Transporte.
- Identifica as características e beneficios dos Seres Vivos: Animais e Plantas.
- Asocia a grafía dos números do 0 ao 9, coa cantidade correspondente.
- Diferencia formas e figuras xeométricas.
- Realiza series seguindo un criterio dado.
- Iniciase na realización de sumas e restas gráficas.

## LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Valora a lingua escrita, como medio de expresión, comunicación e disfrute.
- Comprende, coñece e reproduce textos.
- Coñece as cores primarias e as súas combinacións para obter os secundarios.
- Explora diferentes técnicas plásticas.
- Coñece e aprende vocabulario novo.
- Identifica e discrimina auditiva, visual e gráficamente vogais e consoantes.
- Le, interpreta e produce imaxes como unha forma de comunicación e goce, valorando as propias e as alleas.
- Aprecia o uso das TIC como ferramenta de traballo.
- Coñece algúns instrumentos musicais, identifica o seu son e produce efectos sonoros con eles e con outros obxectos.
- Canta cancións que axudan a coñecer a realidade e a expresar sentimentos.

## 1. 2. COMPETENCIAS BÁSICAS DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Durante este proceso traballaranse tódalas competencias básicas de educación infantil:

**1- Competencia en comunicación lingüística:** Nos contos, poemas, cancións...

**2- Competencia matemática:** Nas clasificacións, nos recontos,seriacións, operacións matemáticas...

**3- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:** Na búsqueda de información, experimentos, ...

**4- Tratamento da información e competencia dixital:** Actividades interactivas, películas, búsqueda información na web,...

**5- Competencia social e cidadá:**, xogos, visionado de vídeos de grupo, videoconferencias, chamadas telefónicas ...

**6- Competencia cultural e artística:** Xogos, cancións, contos, actividades plásticas, celebracións de conmemoracións ( *semana do libro, Día das Letras Galegas*, entre outros)...

**7- Competencia para aprender a aprender:** Resolver dúbidas coa información que vai xurdindo e reorganizar o que se sabe.

**8- Autonomía e iniciativa persoal:** Actividades elaboradas pensando no propio alumnado para o fomento da súa autonomía e cretividade.

As competencias básicas seguen moi presentes no proceso de ensino-aprendizaxe deste 3º trimestre mediante o traballo individualizado que facemos de xeito telemático.

## **2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.**

### **2.1. PROCEDEMENTOS.**

Para avaliar neste 3º trimestre, elaboramos actividades partindo dos contidos da 1ª e 2ª avaliación, nas que os nenos reforzan, afianzan e amplían estes coñecementos de forma máis autónoma. O alumnado realiza unha das tarefas (sempre para o mesmo día da semana) que as familias devolven aos docentes a través do correo electrónico. Esta tarefa está deseñada e estruturada de tal xeito que facemos un repaso e recollida de información coa que podemos comprobar a adquisición ou non deses contidos traballados de forma presencial.

Tamén teremos en conta a entrega ou non das tarefas requeridas, xa que o interese por parte do alumnado e das familias no proceso de ensino-aprendizaxe e neste caso, no proceso de recollida de material de traballo, será importante á hora de levar a cabo dita avaliación deste terceiro trimestre tan atípico.

Música: No 3º trimestre usarase a análise das producións do alumnado e a recopilación das tarefas propostas de forma telemática sempre que circunstancias do alumnado o permitan.

### **2.2. INSTRUMENTOS.**

Nesta avaliación, o instrumento de avaliación será a observación da tarefa deseñada e preparada especificamente cada xoves de cada semana e que os titores/as do noso alumnado nos devolven escaneada ou fotografiada cada venres ao noso correo de ciclo.

Outro posible instrumento de avaliación sería a elaboración dun rexistro de tarefas entregadas ou non polo alumnado, interese por mellorar nos contidos, manter orde e limpeza nas actividades propostas...

E tamén teremos en conta á hora de avaliar toda a información recollida cos instrumentos utilizados durante a primeira e segunda avaliación ( traballos individuais, de pequeno e gran grupo, observación directa...).

En canto ás especialidades, na de ROBÓTICA empregaremos a *app Quizizz* para levar un seguimento e avaliación do noso alumnado.

Música: entrega de tarefas e participación nas actividades propostas.

### **3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE.**

#### **3.1. ACTIVIDADES.**

As actividades propostas para este trimestre son actividades de repaso, de reforzo e de afondamento das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para o alumnado, sempre partindo da idea do beneficio deste.

O proceso de ensino- aprendizaxe telemático está composto por actividades pdf, actividades interactivas, contos, cancións, experimentos, manualidades, vídeos, xogos manipulativos, cos que o alumnado continúa afianzando ou reforzando os contidos traballados nas aulas nas dúas avaliacións anteriores.

A diversidade de tarefas que compoñen este terceiro trimestre están baseadas en actividades tipo: de lectoescritura, de lóxica matemática, plásticas, interactivas, de motricidade, lúdicas, das diferentes especialidades ( Psicomotricidade, Música, Lingua Extranxeira -Inglés, Robótica, Relixión, Valores), etc.

#### **3.2. METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE)**

Para a posta en marcha deste terceiro trimestre foi fundamental a comunicación entre os distintos axentes da comunidade educativa: docentes, alumnado, familias e axentes sociais do Concello.

##### **3.2.1. TRABALLO E COMUNICACIÓN ENTRE DOCENTES.**

Ao comezo do trimestre o equipo docente de infantil, a través de reunións telemáticas deseñamos a nova maneira de abordar este trimestre tentando chegar a todo o alumnado do xeito máis sinxelo, cómodo e práctico.

Semanalmente temos unha reunión de ciclo fixada para organizar o traballo e contidos a tratar durante a seguinte semana, na que cada docente elabora as súas tarefas específicas para cada bloque de contidos.

A comunicación co resto do profesorado do centro e co equipo equipo directivo establécese a través do correo electrónico do colexio, da aplicación de comunicación tokapp, das videoconferencias na webex da consellaría, etc, para levar a cabo o seguimento do trimestre e toda a información relevante do alumnado de cada grupo-aula.

### **3.2.2. TRABALLO E COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS.**

Dende a titoría comunicámonos telefónicamente coas familias para saber a súa situación emocional, de saúde e tratar de aportar dende o noso papel docente a información necesaria para que puideran seguir, con medios telemáticos, esta nova andaina educativa para todos e todas, docentes e familias.

Levamos a cabo a recollida de información sobre a situación nas casas en canto a medios tecnolóxicos dos que dispoñían, datos cos que finalmente podemos concluír que todo o alumnado ten acceso ás tarefas programadas polo profesorado.

Ademáis empregamos como canles de comunicación e asesoramento coas familias o correo electrónico de ciclo e o tokapp como norma xeral e as videoconferencias sempre que as condicións tecnolóxicas o permitan .

### **3.3.3. TRABALLO TELEMÁTICO DENDE A TITORÍA.**

Comezamos a traballar co blog de educación infantil e cada aula mediante symboloo ( ferramenta que permite crear pantallas con botóns-actividades de forma personalizada) que se publica semanalmente compartíndoo coas familias. De maneira que o alumnado pode acceder incluso a través dun móbil dos seus proxenitores. De igual xeito que dende a titoría se organizan as diferentes actividades do symboloo, o alumnado tamén terá dispoñibles nel as tarefas das distintas especialidades para cada sesión semanal.

Tamén resultou positivo o servizo de impresión das tarefas de pdf por parte do concello para as familias que non teñan impresora.

Alumnado con conectividade : tarefas presentadas semanalmente os luns no blog de E. Infantil “O corredor da ilusión” sito na páxina web do centro educativo. Os traballos son devoltos a través do correo electrónico.

Alumnado sen conectividade: envío de tarefas por correo electrónico ao Concello de Cuntis, onde se imprimen e llelas entregan a domicilio. Os traballos son devoltos a través do correo electrónico.

### **3.3. MATERIAIS E RECURSOS.**

Os materiais que empregamos coma docentes son interactivos, o alumnado para realizar as tarefas propostas emprega os recursos tecnolóxicos, materiais funxibles ou materiais dos que dispón na súa vivenda. Aproveitando as grandes utilidades que nos aportan os materiais de uso cotiá que hai nos



fogares, así como recursos naturais que nos proporciona o medio que nos rodea.

Non podemos esquecernos da grande importancia dos recursos humanos en calquera situación, e nesta en especial: docentes, alumnado, familias e axentes sociais do Concello.

## **4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.**

### **4.1. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS.**

O profesorado está en comunicación coas familias e o alumnado a través do blogue do centro, podendo acceder a partir do seguinte enderezo: <https://corredordailusion.blogspot.com/>

Tamén empregamos a chamada telefónica, o tokapp ( con resposta), o correo electrónico ([profesdeinfantil1@gmail.com](mailto:profesdeinfantil1@gmail.com)), as videoconferencias e o Abalar móbil, así como a propia páxina do centro que da acceso directo ao blogue citado con anterioridade ( [www.edu.xunta.gal/centros/cpiaureliomarcelino/](http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiaureliomarcelino/)).

### **4.2. PUBLICIDADE.**

A publicidade da actividade de educación infantil está na páxina web do centro e tamén dentro desta no blogue O CORREDOR DA ILUSIÓN e nos tokapps enviados ás familias.

## **5. ANEXOS.**

### **5.1. LINGUA EXTRANXEIRA - INGLÉS.**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

I Programación de Infantil (3, 4, 5 anos)

**Grupo infantil**

## **Criterios de avaliación:**

Criterios de Avaliación (por nivel)

Relacionar o significado de palabras en lingua estranxeira coas imaxes correspondentes.

Captar o sentido global de mensaxes sinxelas, instrucións, comandos...

Mostrar interese por participar en diversas situacións de comunicación oral utilizando estruturas sinxelas.

Recitar, cantar cancións e chants coa axeitada entoación e pronuncia, expresividade, movementos

Participar de forma oral en situacións de comunicación habituais e sinxelas ou en situacións creadas para tal fin intentando o bo uso da pronuncia, entoación e ritmo, así como respetar o turno de palabra, e as opinións dos demais.

Gardar e coidar o material utilizado, así como observar o seu grao de realización, orde e limpeza.

## **Instrumentos e procedementos de avaliación**

Participación e traballo persoal.

## **En canto ós procedementos de avalicación temos:**

Avaliación Inicial.- Informa do nivel madurativo do neno, grao de desenrolo das súas capacidades e o nivel

de coñecementos que posee.

Avaliación Continua.- Realízase ó longo de todo o proceso de aprendizaxe e permitirá orientar, adaptar e correxir de xeito sistemático o proceso educativo.

Avaliación Final.- Danos a coñecer e valorar os resultados acadados polo alumno ó finalizar o proceso de aprendizaxe con respecto ás capacidades indicadas nos obxectivos xerais.

Ó remate de cada unidade didáctica realizarase unha valoración que permita analizar o grao de consecución dos obxectivos programados, as dificultades atopadas no desenrolo das distintas actividades, a coherencia entre os distintos elementos do currículo así como o nivel de complexidade das unidades para as características do grupo a avaliar. Esta análise permitirá introducir as modificacións oportunas

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo e, no caso, ampliación)**

A adquisición de vocabulario e frases mediante técnicas de repetición significativas.

Na comprensión oral traballarase moitas cancións e chants que motivan ós nenos, crean un ambiente agradable para a aprendizaxe e teñen moitas repeticións para axudar a comprender e memorizar. Para elo facilitarase a memorización con apoio visual, efectos sonoros, mímica e accións ilustrativas por parte do profesor ou de videos axeitados.

As actividades de T P R (Total Physical Response) contribúen a mellorar a comprensión oral. Os nenos responden con xestos ou accións apropiadas a instrucións que dá o profesor.

Neste 3 trimestre todas as actividades serán de repaso.

#### **Actividades:**

Cada semana envío :

- Rutinas : canción de saúdo e despedida
- Canción e historia da unidade a tratar
- Unha manualidade relacionada coa unidade

#### **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)**

A meirande parte do alumnado ten conectividade a Intenet.

Aqueles que non teñen se lle proporcionaran outro tipo de actividades que poderan imprimir no concello de Cuntis

#### **Materiais e recursos**

Diferentes cancións, rimas e chants Diversas historias de youtube e Oxford online "Daisy and me".

Visionaranse por medio de youtube.com diferentes videos con cancións, exercicios de TPR, cancións con accións e movemento de diversos sitios web proxectados no encerado dixital.

Material proporcionado polo profesor para recortar, armar, colorear, relacionar, pegar....

#### **4. Información e publicidade**

##### **Información ao alumnado e ás familias:**

Tokapp

blog de aula

Paxina web do centro

**Publicidade** Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

#### **5.2. RELIXIÓN.**

##### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

- 4º Infantil
  - Observa e distingue algúns elementos da natureza
  - Coñece os membros da familia de Xesús
  
- 5º Infantil
  - Aмосa admiración pola beleza da natureza
  - Valora a importancia de ter unha familia que nos quere, protexe e axuda
  
- 6º Infantil
  - Respecta e coida a natureza
  - Identifica a familia como espazo de agarimo

